

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 11 DE MAIO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

**Concelleiros**

Dona Eva María Vilariño González(CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal(CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena(CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Don Miguel Anxo Abraira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

**Interventora:**

Dona Marta Roca Naveira

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día once de maio de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, réunese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o primeiro tenente de alcalde don Jesús Veiga Sabín e asisten os seguintes concelleiros: don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don José María Laya Carril; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abraira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e en relación á acta da sesión anterior, correspondente ao día 17 de abril de 2006, vota en contra o concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, abstéñense os concelleiros Sres. Laya Carril e Cortizas Rodríguez, e a favor os nove membros restantes que asisten á sesión, polo que queda aprobada.

**2.- EXPEDIENTE DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS Nº 3/2006.-** Dada conta do expediente tramitado de crédito extraordinario número 3/2006, dos informes unidos e o ditame favorable da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o expediente número 3/2006 de crédito extraordinario, por importe de 25.000,00 euros, segundo o seguinte detalle:

Partida	Concepto	Importe
2006/432/227.17	Urbanismo e Arquitectura. Outros contratos.	25.000,00 €

2º.- O financiamento será con cargo ao remanente líquido de Tesourería.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/2004 en relación co art. 169 do mesmo texto legal, Lei reguladora das facendas locais, o expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles con inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e B.O.P.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, se durante o prazo de exposición pública non se presentan reclamacións.

A Presidencia retira da orde do día o expediente de concesión de ocupación, do subsolo público en Loios, para completar este.

**3.- ALEGACIÓN Á MODIFICACIÓN PUNTUAL DO P.XO.M. VARIANTE DE BAÑOBRE.-** O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 17.04.2006, aprobou

provisionalmente a modificación puntual do P.X.O.M. para a creación da variante de Bañobre.

No expediente fíxose constar que non se presentara alegación ningunha e posteriormente comprobouse que o último día do prazo presentou unha alegación dona María Pilar Vidal Chao, polo que procede corrixir o erro producido e retroceder o expediente para resolver expresamente a alegación presentada.

En relación co escrito presentado pola interesada debe sinalarse que en realidade non se realiza alegación propiamente dita respecto ao contido da modificación proposta, senón unicamente se pon e manifesto a posible afección que o novo vial pode causar nuns predios da súa propiedade supostamente afectados polo seu trazado, e que ten arrendadas para depósito de materias e para unhas instalacións eléctricas de alta tensión, solicitando que se poida chegar a un acordo para cambiar a superficie da parcela que se lle afecte, por outra superficie semellante que poida servir para o mesmo uso.

A cuestión que presenta a alegante non se refire, polo tanto, á presente fase de planeamento, senón a un trámite procedemental posterior, que haberá que levar a cabo unha vez que se aprobe definitivamente a modificación do PXOM, e que terá por obxecto a adquisición os terreos necesarios para a execución da obra. Será polo tanto, nesa fase posterior e non agora, cando corresponderá entrar a analizar a cuestión que formula a interesada.

O Pleno do Concello, coa abstención do concelleiro do BNG Sr. Abaira Sobrado e once votos dos demais membros da Corporación que asisten á sesión, acorda desestimar a alegación, polas razóns expostas e que se una unha certificación deste acordo e o escrito presentado ao expediente.

O Concelleiro Sr. Abaira Sobrado manifestou que se abstén por coherencia, xa que así o fixo ao aprobarse e isto demostra o mal funcionamento do equipo de goberno e a mala administración dos servizos.

#### **4.- CONTRATACIÓN REMODELACIÓN RÚA DA CARREIRA EN MIÑO.-**

Incoado expediente para a contratación conxunta de elaboración do proxecto e execución das obras “remodelación da rúa da Carreira en Miño” mediante concurso público aberto.

Redactados os pregos de cláusulas administrativas con consignación suficiente para esta obra de carácter plurianual e evacuados os informes de Secretaría e Intervención, tal como obran no expediente, co voto en contra dos concelleiros Sres. Abaira Sobrado do BNG e Laya Carril e dez a favor, acorda:

1º.- Aprobar os pegos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, dispoñendo a súa exposición ao público durante o prazo de oito días no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan presentarse reclamacións que serán resoltas polo Pleno do Concello, anunciando ao mesmo tempo a licitación, condicionada a obter do Ministerio de Fomento a autorización correspondente como titular da vía na que se executaron as obras, a cal se aprazará se resulta necesario.

2º.- Aprobar o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación mediante concurso aberto.

O Concelleiro do BNG Sr. Abaira Sobrado pediu que quedara sobre a mesa, xa que non é lóxico que o mesmo día se leve á Comisión e a continuación se convoque o Pleno, pois ademais de ser unha incongruencia, preténdese aprobar con nocturnidade e aleivosía e que os veciños non se decaten. A Presidencia contesta que ten toda a documentación dende que se convoca a sesión para que poida examinala. Sométese a votación esta petición antes de facelo sobre o fondo do asunto, tal e como preceptúa o art. 92 do ROF, e dá o seguinte resultado, un voto a favor do concelleiro do BNG Sr. Abaira Sobrado, abstense o concelleiro do PSOE-PSG Sr. Cortizas e once votos en contra de que a petición quede sobre a mesa, polo que se entra a debater e votar este asunto.

O Sr. Abreira, concelleiro do BNG, manifesta que aínda ten pendente que se lle entregue documentación que solicitou por escrito e sinala votamos en contra deste asunto polo seguinte:

1º.- Débese separar o proxecto da execución da obra e os veciños deben opinar desta forma non se decatan.

2º.- Non debemos aprobar os pregos de condicións, mentres non haxa un permiso do Ministerio de Fomento para os obras, que teñen certa complexidade polo cruzamento cara á praia e as saídas a Ferrol e A Coruña, sendo importante o tratamento que se lle dá a este tramo, xa que coa saída da autoestrada segundo está, o tráfico pesado seguirá pasando polo centro de Miño.

3º.- Con esta actuación hipotecaremos o futuro de Miño, xa que o investimento real durante tres anos, máis da metade da próxima lexislatura, terase que destinar a esta obra e paréceme preocupante que cunha soa actuación quede hipotecada todo o investimento do municipio, ademais de que con esta forma de actuar, os veciños non coñecerán o proxecto.

A Presidencia contesta que temos a palabra do xefe de Estradas e sobre o tráfico pesado estanse a facer xestións para solucionar este problema, ata agora non recibimos un só euro da Xunta para obras, e o alcalde está esperando a ser recibido nas consellerías que solicitou.

Replica o Sr. Abreira dicindo, procure non mentir sobre o que se ten tratado nos Plenos, e penso que o tráfico pesado non se vai retirar do centro da vila; sobre as entrevistas coas nosas Consellerías, eu procurareilles a visita gustosamente se o desexan, e só lles pido que sexan educados. A Presidencia sinala ¿é que hai dous gobernos?, nesta etapa non recibimos ningunha subvención da Xunta.

Pide a palabra o Sr. Herva Mallo e manifesta: aquí non se aproba ningún proxecto, vanse iniciar os trámites para unha adxudicación, e os veciños poderán examinar o proxecto que no seu día se elixa, en canto á titularidade da vía, xa se solicitou e contestaron que deberíamos solicitar uns tramos da estrada, polo que aínda que non expresamente, indicaban que se nos concedía, e en relación co investimento non hai problema ningún, xa que esperamos uns ingresos moi superiores a esta cantidade do que corresponde ao Concello polo desenvolvemento dos plans urbanísticos en Piñeiro, Agra e outros, e en canto á plurianualidade é unha práctica moi común en todas as administracións públicas. Insiste o Sr. Abreira en que se hipotecará o investimento municipal, e os veciños non terán posibilidade de expoñer o seu parecer sobre o proxecto.

Sometida a votación a proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, dá o seguinte resultado, votan en contra os concelleiros Sres. Abreira Sobrado do BNG e Laya Carril, que suman dous votos, e a favor os dez membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que queda aprobada nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e cincuenta minutos redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,